
PROXECTO EDUCATIVO DE CENTRO

DOCUMENTO Nº1: CONTEXTO

ACTUALIZACIÓN 2024-25



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE



I.E.S. Terra de Soneira

Miguel Rodríguez Sánchez, Director do IES Terra de Soneira, certifica que o presente Documento nº1 do Proxecto Educativo de Centro do IES Terra de Soneira foi aprobado en sesión ordinaria do Consello Escolar celebrada en data 30/06/2025, despois de ter sido presentado ao Claustro.

ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN	4
1.1 O PROXECTO EDUCATIVO DE CENTRO	4
1.2 NORMATIVA DE REFERENCIA	5
2. ANÁLISE DO CONTEXTO	6
2.1 SITUACIÓN XEOGRÁFICA.....	6
2.2 OFERTA EDUCATIVA E PROCEDENCIA DO ALUMNADO	6
2.3 BREVE HISTORIA DO CENTRO	6
3. SINAIS DE IDENTIDADE	8
3.1 PERSOAL DOCENTE.....	8
3.2 PERSOAL NON DOCENTE	8
3.3 ALUMNADO E FAMILIAS	8
3.4 ESPECIALIZACIÓN CURRICULAR E OFERTA ESPECÍFICA.....	10
3.5 SERVIZOS	12
4. RELACIÓNS CON OUTRAS INSTITUCIÓNS.....	13
4.1 RELACIÓNS CON CENTROS ADSCRITOS	13
4.2 RELACIÓNS CON OUTRAS INSTITUCIÓNS EDUCATIVAS	14
4.3 RELACIÓNS COA ANPA	14
4.4 RELACIÓNS CO CONCELLO DE VIMIANZO.....	15
4.5 RELACIÓNS COAS EMPRESAS DA CONTORNA.....	15
5. VALORES	16
6. OBXECTIVOS PRIORITARIOS	18
6.1 ÁMBITO EDUCATIVO E PEDAGÓXICO	18
6.2 ÁMBITO HUMANO	18
6.3 ÁMBITO INSTITUCIONAL.....	19
7. AVALIACIÓN DO PEC	20

1. INTRODUCCIÓN

1.1 O PROXECTO EDUCATIVO DE CENTRO

A través do Proxecto educativo de centro (en adiante, PEC) intentarase regular a práctica educativa. Como se define un centro educativo, cal é a súa posición no ámbito que o rodea ou o modelo educativo a seguir son cuestións que se deben facer explícitas neste documento.

O PEC é unha declaración de intencións que dita a personalidade do centro e o tipo de cidadáns e cidadás que de acordo cos trazos de identidade se queren formar. É ademais un documento participativo e será unha canle para que o persoal docente, o alumnado e as familias poidan facer chegar a súas suxestións e propostas.

Precisarase da cooperación, colaboración e responsabilidade de todo o profesorado para definir e alcanzar obxectivos comúns. A igualdade efectiva na educación será un obxectivo, de presente e futuro, un eixe vertebrador da organización e o funcionamento do centro.

Como documento programático, o PEC deberá determinar a identidade do centro, recoller os valores, establecer os obxectivos e prioridades do centro e da comunidade educativa, de acordo co contexto socioeconómico e cos principios e obxectivos recollidos na LOE e na normativa da Comunidade Autónoma de Galicia.

O PEC debe configurarse en catro documentos:

- Documento nº1 (o presente documento): Estudo do contexto no que está situado o centro.
- Documento nº2: Concreción curricular.
- Documento nº3: Plan de convivencia, Normas de organización, funcionamento e convivencia (NOFC), Plan de igualdade e Plan de mellora.
- Documento nº4: Proxecto de xestión de recursos humanos e materiais.

1.2 NORMATIVA DE REFERENCIA

O presente documento, así como o resto de documentos que conforman o PEC, susténtanse ademais de na Constitución Española, o Estatuto de Autonomía de Galicia e a normativa que regula a administración pública, na seguinte normativa educativa tanto estatal como autonómica:

- Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación.
- Decreto 324/1996, do 26 de xullo, polo que se aproba o Regulamento orgánico dos institutos de educación secundaria.
- Orde do 1 de agosto de 1997 pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento do Decreto 324/1996.
- Decreto 156/2022, de 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Decreto 157/2022, de 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.

2. ANÁLISE DO CONTEXTO

2.1 SITUACIÓN XEOGRÁFICA

O IES Terra de Soneira atópase no Concello de Vimianzo (A Coruña), é un concello eminentemente rural que contaba en 2024 con 6.779 habitantes segundo datos do Instituto Galego de Estatística (IGE).

O centro, adoita o nome da bisbarra da Terra de Soneira, onde se atopa o propio centro e a localidade de Vimianzo. O Concello limita cos concellos de Muxía, Zas, Laxe, Camariñas, Dumbría e Mazaricos.

2.2 OFERTA EDUCATIVA E PROCEDENCIA DO ALUMNADO

O IES Terra de Soneira é o único centro de Educación Secundaria Obrigatoria (ESO) e postobrigatoria (Bacharelato) do Concello. A el acode o alumnado de Educación Primaria procedente de dous CEIPs adscritos: CEIP San Vicenzo e o CEIP Baíñas. Tamén acode alumnado do IES Pedra da Aguia de Camariñas para cursar Bacharelato. Ademais ofértanse dous ciclos formativos da rama de Administración e xestión (Grao Medio de Xestión Administrativa e Grao superior de Administración e Finanzas).

2.3 BREVE HISTORIA DO CENTRO

O IES Terra de Soneira arrancou a súa andaina no curso 1983-84 e foi concibido para impartir a Formación Profesional de 1º grao nas ramas Administrativa e Electricidade.

No curso 1988-89, implantouse o Bacharelato Unificado Polivalente (BUP) como unha extensión do IB de Carballo. Deste xeito ao ano seguinte o centro transfórmase nun Instituto de Educación Secundaria Profesional (IESP).

Lévase a cabo a primeira ampliación do centro no curso 1990-91, contando cun novo edificio separado do anterior e no curso seguinte implántase a rama de Formación Profesional de 2º grao Administrativa.

No 1998-99 comézase a impartir o segundo ciclo da ESO en tanto que que o primeiro ciclo lle seguía a corresponder aos centros adscritos da zona.

Para o curso 1999-2000 remátase unha terceira ampliación, momento no que comeza a impartirse no centro toda a ESO. Ademais, implántase un Programa de Garantía Social de Instalacións Eléctricas de Baixa Tensión así como o Ciclo Superior de Administración e Finanzas.

No curso 2000-2001 ponse en marcha o Ciclo Medio de Equipos e Instalacións Electrotécnicas e o de Xestión Administrativa. Por outra banda, extínguense as antigas ensinanzas de BUP e comézase a impartir o primeiro curso de Bacharelato nas modalidades de Humanidades e Ciencias Sociais e de Ciencias da Natureza e da Saúde.

No ano 2011 extínguense o Ciclo Medio de Equipos e Instalacións Electrotécnicas, reducíndose a oferta actual en canto a ensinanzas de Formación Profesional se refire aos dous ciclos da familia de Administración e Xestión: O Grao Superior en Administración e Finanzas e o Grao Medio en Xestión Administrativa.

3. SINAIS DE IDENTIDADE

3.1 PERSOAL DOCENTE

Aínda que tradicionalmente gran parte dos membros do claustro non tiñan destino definitivo neste centro e non residían na contorna, nos últimos anos isto reverteuse notablemente e a tendencia actual é a contar cun maior número de profesorado con destino definitivo e que reside na área de influencia do centro.

No curso 2024-25 o claustro está formado por 37 docentes (22 mulleres e 15 homes), dos cales máis do 80% teñen destino definitivo no centro, o cal favorece unha mellora a efectos de planificación de diversos aspectos no medio e longo prazo.

3.2 PERSOAL NON DOCENTE

Actualmente o centro conta con 6 non docentes: 1 auxiliar administrativa, 2 subalternos e 3 limpadoras.

3.3 ALUMNADO E FAMILIAS

Nos últimos cursos académicos o número de alumnado do centro diminuíu notablemente. Esta tendencia negativa acrecentouse nos últimos tres cursos académicos coincidindo coa entrada na ESO do alumnado nacido a partires da crise financeira de 2008 que afectou á taxa de natalidade dos anos inmediatamente posteriores. Tras alcanzarse no ano 2020 a cifra de 300 alumnos e alumnas, no curso actual o centro conta cun total de 234 alumnos e alumnas. Por niveis educativos o reparto sería o seguinte:

- Educación Secundaria Obrigatoria: 138
- Bacharelato: 68
- Formación Profesional: 28

Caracterización socioeconómica

O Concello de Vimianzo conta, segundo datos do IGE para 2024, con 6.799 habitantes (3.278 homes e 3.521 mulleres). A idade media é de 52,4 anos e o saldo vexetativo é negativo. O saldo migratorio é practicamente nulo posto que nos últimos anos a crecente inmigración procedente do estranxeiro veu a compensar a emigración que tradicionalmente se rexistra no concello tanto cara a outros núcleos de poboación da Comunidade autónoma de Galicia e do resto de España como ao estranxeiro (principalmente Suíza), sendo esta última menor que en décadas anteriores. O número medio de fillos por muller é de 0,94.

En conclusión, poderíase dicir que o Concello de Vimianzo atravesa unha situación demográfica caracterizada pola perda de poboación e un envellecemento da mesma, que unha pequena pero crecente chegada de inmigración estranxeira non é capaz de compensar.

En canto a datos económicos o PIB *per cápita* do concello, con datos de 2020, é de 17.927 euros, o que supón un 77,23% do PIB *per cápita* da Comunidade autónoma de Galicia. A taxa de desemprego con datos de xaneiro de 2025 é do 7,26%, lixeiramente inferior á rexistrada no conxunto de Galicia e o reparto sectorial do emprego encabézao o sector servizos cun 57,67%, seguido pola construción (17,65%), a industria (15,22%) e a agricultura e pesca (9,46%). En resumo, o Concello de Vimianzo é un concello cun nivel de ingresos notablemente inferior á media galega, cunha taxa de desemprego contida no momento actual e onde o sector primario ten un peso relativamente importante.

Caracterización sociocultural

Non se conta con observacións recentes sobre cuestións socioculturais referentes ao entorno do alumnado. Versións anteriores deste documento recollen, sen citar a procedencia dos datos, que a maioría dos pais e nais do alumnado non posúe estudos superiores, que os hábitos lectores non están moi estendidos e que as familias fomentan en alto grado as actividades tradicionais como o folclore ou o encaixe.

Caracterización sociolingüística

Tradicionalmente o Concello de Vimianzo e por extensión o alumnado do noso centro é maioritariamente galegofalante e usa case exclusivamente esta lingua para comunicarse. Os datos máis recentes comezan a mostrar sen embargo unha lixeira desviación do anterior comportamento lingüístico nos últimos anos.

Os datos da enquisa realizada ao alumnado do centro para a súa análise e inclusión no Proxecto Lingüístico de centro en decembro de 2024 mostran os seguintes datos:

- O contorno sociocultural do centro é, maioritariamente, galegofalante, polo menos no referido ás relacións familiares e coloquiais, e en parte tamén en relacións máis formais, aínda que recentemente estase a introducir o castelán entre os cursos máis baixos e tamén entre o alumnado foráneo que a maioría trae como lingua inicial o español de América.
- O 53% do alumnado afirma ter aprendido a falar en galego, un 10% en castelán e un 36% en ambos. En canto ao idioma empregado no fogar o 62% refire que é o galego a única lingua de uso, o 21% que é o galego en maior medida que o castelán, o 5% o castelán en maior medida que o galego, o 8% só castelán e o 4% que o son outras linguas. En canto ao idioma habitual que o alumnado emprega, o 36% afirma que só usa o galego, o 49% que usa máis galego que castelán, o 8% máis castelán que galego, o 5% só castelán e o 2% outros idiomas.
- Entre o profesorado existe un uso destacable do galego; un 56% afirma que aprendeu a falar en galego, un 30% en castelán e un 14% nas dúas linguas. Por outro lado, un 37% emprega só galego diariamente, repartindo un 30% máis galego que castelán e máis castelán que galego. Só un 3% usa só o castelán no centro educativo. Non obstante, os docentes perciben que o idioma que se usa no centro é máis galego ca castelán 81%, fronte ao 19% que só galego.

3.4 ESPECIALIZACIÓN CURRICULAR E OFERTA ESPECÍFICA

A oferta educativa queda configurada do seguinte xeito:

- Ensinanza Secundaria Obrigatoria (ESO)

- Educación Secundaria para persoas adultas*
- Bacharelato de Ciencias e Tecnoloxía
- Bacharelato de Humanidades e Ciencias Sociais
- Ciclo Básico de Servizos Administrativos*
- Ciclo Medio de Xestión Administrativa
- Ciclo Superior de Administración e Finanzas

Pese a formar parte da oferta educativa do centro, tanto as ensinanzas de Educación Secundaria para persoas adultas como o Ciclo Básico de Servizos Administrativos non se imparten actualmente ao non contarse no presente curso, nin nos cursos anteriores, con alumnado matriculado nas mesmas.

O centro reforza os elementos que os currículos vixentes de cada etapa educativa dispoñen e incide nos aspectos máis destacables dos obxectivos prioritarios coa participación en diversos programas educativos entre os que cabe sinalar os seguintes:

ELEMENTOS OU OBXECTIVOS	PROGRAMA
Dixitalización	E-Dixgal. Polos Creativos.
Convivencia	Programas de inclusión educativa: Inclusión.
Saúde mental	Programas de inclusión educativa: Benestar emocional.
Linguas estranxeiras	Probas de acreditación lingüística. Programa EDU Exchanges. Digitalweek.
Instalacións do centro	Proxecto TERRA.
Lectura	PLAMBE. Bibliotecas escolares solidarias. Clubs de lectura.
Deporte	XOGADE.

En canto ás actividades extraescolares e complementarias, que teñen por obxectivo enriquecer a formación do alumnado máis aló do currículo oficial, buscarase a través da participación do alumnado nas mesmas fomentar valores e habilidades sociais, estimular intereses persoais e vocacionais, conectar as aprendizaxes co entorno real do alumnado e convivir á convivencia e cohesión dos grupos.

O programa de actividades complementarias e extraescolares é aprobado polo Consello Escolar no primeiro trimestre de cada curso, a partir da proposta de actividades que realiza cada departamento didáctico, e forma parte da Programación Xeral Anual.

3.5 SERVIZOS

O centro conta con servizo complementario de transporte, que presta dende o curso 2022-23 a UTE Galicia Lote 23. Actualmente existen 8 rutas de transporte escolar que prestan servizo ao alumnado de tódolos niveis educativos impartidos no centro.

Dende a súa apertura o centro contou con servizo de cafetería ininterrompidamente ata o curso 2023-24 onde a licitación da mesma quedou desertar. No curso 2024-25 o servizo sairá de novo a licitación pública.

4. RELACIÓNS CON OUTRAS INSTITUCIÓNS

O centro mantén relacións no día a día da súa vida orgánica con unha serie de axentes para o normal desenvolvemento das súas actividades, entre as que cabe destacar as seguintes:

4.1 RELACIÓNS CON CENTROS ADSCRITOS

Mantense relación cos centros adscritos CEIP Plurilingüe San Vincenzo e CEIP Baíñas de forma habitual tanto para a organización de actividades conxuntas como para facilitar a transición do alumnado de educación primaria destes centros aos estudos de Educación Secundaria. Para elo, os Departamentos de Orientación dos diferentes centros manteñen reunións durante varios momentos do curso. Tamén son destacables as relacións con outros centros da contorna como é o caso do IES Pedra da Auga de onde o centro recibe alumnado na etapa educativa de Bacharelato.

DATAS	XORNADAS / REUNIÓN
1º trimestre	- Comunicación cos centros adscritos para a escolla común de días non lectivos.
3º trimestre	- Visita do alumnado dos centros adscritos de primaria ao centro.
Xuño – Xullo	- Reunións cos equipos de orientación dos centros de primara adscritos para a facilitación de información acerca do alumnado de primaria que se incorpora ao centro no vindeiro curso. - Reunión co equipo de orientación do IES Pedra da Auga para facilitar información relativa ao alumnado da ESO que se incorpora ao centro no vindeiro curso.

	- Xornadas de promoción dos ciclos formativos que oferta o centro noutros institutos da contorna.
--	---

4.2 RELACIÓNS CON OUTRAS INSTITUCIÓNS EDUCATIVAS

O centro participa en numerosos programas educativos dependentes da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional así como nas sucesivas convocatorias para acreditar centros e persoas coordinadoras e titoras para o desenvolvemento do *practicum* do Master en Profesorado.

Mantense tamén relación coas universidades do Sistema universitario galego para ofrecer ao alumnado diversas xornadas de orientación de cara á realización de estudos superiores, que realizarán tanto no propio centro como nas dependencias das universidades.

Diversos centros de estudos de idiomas colaboran co centro para a realización probas de acreditación de competencias lingüísticas.

O centro mantén relación dende o curso 2013-14 co Lycée Louis Rascol de Albi (Francia) co que realiza anualmente intercambios de estudantes con estancias do alumnado francés no noso centro e do alumnado do noso centro no instituto francés.

4.3 RELACIÓNS COA ANPA

Os responsables do alumnado están organizados na ANPA de alumnos e alumnas do IES Terra de Soneira que se reactivou no curso 2024-25. Un responsable da ANPA é integrante do Consello Escolar do centro e as relacións coa mesma deberán ter o maior alcance posible en todo o que competa á participación dos responsables do alumnado na vida do centro.

4.4 RELACIÓNS CO CONCELLO DE VIMIANZO

O centro mantén unhas excelentes relacións co Concello de Vimianzo, que presta apoio en diversos ámbitos entre os que cabe destacar a organización de actividades municipais dirixidas ao alumnado e cidadanía en xeral, a cesión de instalacións municipais para actos do centro e apoio material.

A colaboración co departamento de servizos sociais do Concello móstrase clave á hora de abordar e realizar seguimento daquelas situacións de vulnerabilidade, absentismo e outras que poidan ser detectadas dende o Departamento de Orientación do centro, seguindo a normativa educativa que regula estas cuestións.

O centro cede o uso, previa aprobación do Consello Escolar a comezos de cada curso académico, das súas instalacións deportivas parra aquelas actividades nas que o Concello poida precisar do seu uso e poidan beneficiar ao alumnado, familias e cidadanía en xeral da área de influencia.

4.5 RELACIÓNS COAS EMPRESAS DA CONTORNA

Mantéñense relacións con diversas empresas da contorna ás que se acode para a adquisición de bens e prestación de servizos necesarios para o funcionamento do centro, así como, no marco do programa de actividades extraescolares e complementarias, realizar visitas que acheguen ao alumnado á realidade do tecido empresarial.

No marco da realización do módulo de FCT o centro asina convenios específicos con diversas empresas e organismos públicos da contorna.

Dende a entrada en funcionamento da FP dual o centro asina tamén acordos específicos para o desenvolvemento da actividade formativa nesta modalidade con empresas e organismos públicos interesados en acoller a este alumnado.

Entre as empresas e organismos que soen contar con alumnado do centro para o módulo da FCT ou FP dual atópanse diversas asesorías da zona, GERCA SL, ABANCA ou o Concello de Vimianzo.

5. VALORES

O presente documento fundamenta a súa acción nun conxunto de valores que orientan a vida académica, a convivencia e o desenvolvemento integral do alumnado do centro. Estes valores conxugan a personalidade que o centro desenvolveu como organización ao longo da súa vida cos principios emanados pola Constitución Española, o Estatuto de Autonomía de Galicia, a Lei Orgánica de Educación e resto de disposicións legais vixentes en materia educativa.

Respecto á convivencia

Promoverase unha cultura de respecto mutuo entre todos os membros da comunidade educativa, fomentando actitudes de tolerancia, empatía e diálogo como base dunha convivencia democrática, inclusiva e pacífica.

Igualdade e equidade

Promoverase a igualdade de oportunidades, o trato xusto a todo o alumnado, sen distinción de xénero, orixe, crenzas, capacidades ou situación socioeconómica. Traballarase para eliminar calquera barreira que dificulte o acceso, a permanencia ou o éxito escolar.

Identidade e cultura galega

Apostarase polo coñecemento, a valoración e a promoción da lingua galega, así como do patrimonio cultural, histórico e natural de Galicia. Enténdese a identidade tanto da bisbarra como de Galicia como un elemento enriquecedor e aberto ao mundo.

Responsabilidade e autonomía persoal

Educarase na asunción de responsabilidades individuais e colectivas e impulsarase a toma de decisións reflexiva e o desenvolvemento da autonomía como ferramentas clave para a madurez e a cidadanía activa.

Solidariedade e cooperación

Fomentarase a colaboración, a axuda mutua e o compromiso social tanto dentro como fóra da aula. A educación en valores cívicos e éticos forma parte esencial da misión do centro.

Esforzo, constancia e superación

Valorarase o esforzo diario, a disciplina e a superación persoal como vías para acadar os obxectivos de aprendizaxe e crecemento individual. Reforzase unha actitude positiva ante o traballo e o coñecemento.

Sostibilidade e respecto polo medio ambiente

A educación ambiental e a sostibilidade deberán ser incluídos como elementos transversais do currículo. Potenciarase o coñecemento da contorna natural e o compromiso co seu coidado e conservación.

Innovación, creatividade e pensamento crítico

Fomentarase unha educación aberta á innovación pedagóxica, ao uso responsable das tecnoloxías e ao desenvolvemento do pensamento crítico e creativo. O centro aposta por unha formación integral que prepare o alumnado para os retos do século XXI.

6. OBXECTIVOS PRIORITARIOS

Os valores e características de identidade do centro anteriormente descritos, en conxunción coa análise da realidade do contexto en que se desenvolve a acción educativa, moldean os obxectivos prioritarios que se pretende acadar e que se concretan en tres eidos: Educativo e pedagógico, humano e institucional.

Estes obxectivos prioritarios deberán guiar a planificación das actuacións que se deberán seguir en cada curso académico a nivel de dirección e organización do centro, actividade docente curricular, actividades extraescolares e complementarias, e desenvolvemento dos programas educativos que se poñan en marcha. As actuacións que para cada curso académico recolla a Programación Xeral Anual e os restantes documentos do centro deberán de estar guiadas, ademais de pola normativa educativa vixente, por estes obxectivos prioritarios.

6.1 ÁMBITO EDUCATIVO E PEDAGÓGICO

- Acadar unha mellora continua do rendemento académico do alumnado.
- Potenciar a normalización lingüística do centro, de acordo coa normativa vixente, e o respecto pola diversidade lingüística e cultural.
- Mellorar os índices de lectura da comunidade educativa.
- Aumentar a participación do alumnado nas diferentes actividades do centro e conseguir un maior grao de implicación na consecución dos obxectivos.
- Mellorar as instalacións, os medios técnicos e a formación e actualización do profesorado.
- Mellorar a competencia dixital de profesorado e alumnado.
- Mellorar a coordinación docente.
- Mellorar a atención á diversidade.

6.2 ÁMBITO HUMANO

- Mellorar o estado actual da convivencia no centro.
- Contribuír a mellorar a saúde mental do alumnado.

- Contribuír á adquisición de responsabilidade e autonomía do alumnado.
- Fomentar a creatividade e o pensamento crítico do alumnado.

6.3 ÁMBITO INSTITUCIONAL

- Manter e afondar na relación do centro co Concello de Vimianzo en todos aqueles ámbitos que poidan resultar beneficiosos para o centro.
- Mellorar e ampliar as relacións co tecido empresarial e asociativo da contorna.
- Mellorar a promoción das ensinanzas de ciclos formativos do centro.
- Aumentar a implicación das familias na vida do centro.
- Manter unha imaxe do centro actualizada.

7. AVALIACIÓN DO PEC

A aprobación e avaliación deste Documento nº1 do PEC corresponde ao Consello Escolar. A avaliación do mesmo terá por obxectivo analizar o grao de cumprimento dos obxectivos prioritarios así como detectar posibles áreas de mellora de cara á actualización do mesmo. Esta avaliación debe realizarse de forma periódica, cada catro anos.

